

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATÉ ÁS 20.30

A gala de entrega dos galardóns celebrarase o mércores 21 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña

Un total de 9 espectáculos acadan candidaturas finalistas nos XXII Premios de Teatro María Casares

A obra que acapara maior número de nomeacións é 'Resaca', de IlMaquinario Teatro, que aspira a 10 galardóns. Martes de Carnaval, do Centro Dramático Galego séguela de preto con 9 candidaturas. 'A Cabeza do Dragón' de Producións Teatrais Excéntricas e 'Soño dunha noite de Verán' de Voadora acadan 7 cada unha e 'Elisa e Marcela', de A Panadaría, obtén 6 candidaturas finalistas aos María Casares

O premio ao mellor espectáculo decidirase entre 'Elisa e Marcela', 'Resaca' e 'Soño dunha noite de verán', mentres que 'A galiña azul', de Tanxarina, 'Outono' de Pistacatro, e 'Pum, Pum!', de Baobab Teatro, competirán polo galardón ao mellor espectáculo infantil

21 de febreiro de 2018- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) vén de anunciar os/as nomeados/as aos XXII Premios María Casares, a gran festa do teatro cuxa gala se celebrará o próximo **21 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña**. Os espectáculos finalistas nas catorce categorías coas que contan os Premios déronse a coñecer na Festa dos Nomeados/as, deste 2017. O Auditorio de Galicia acolleu esta tarde o acto, **presentado pola actriz e secretaria da entidade Iria Sobrado**, ao que acudiron a maior parte dos/as profesionais finalistas deste 2018. Sobrado, na súa presentación, destacou que durante a inscrición aos premios un total de 32 espectáculos e máis de 300 profesionais presentaron as súas candidaturas.

No acto presentouse tamén a imaxe dos premios deste ano, realizada pola ilustradora Xulia Vicente coa intención de fomentar as relacións creativas entre as artes escénicas e o mundo da ilustración. A partir de esta edición os María Casares pretenden contar coa colaboración de ilustradores e ilustradores de recoñecido prestixio como Xulia Vicente coa que iniciamos esta nova etapa.

Xulia Vicente (1993, Cariño). Cursa o grao en Belas Artes en Valencia. O seu primeiro libro combina banda deseñada con relato escrito e publícase en 2016: *Anna Dédalus: El misterio de la mansión quemada* (Andana Editorial), con Miguel Ángel Giner Bou e Núria Tamarit. Máis adiante séguenlle *Duerme pueblo* (Ediciones La Cúpula), de novo xunto a Núria Tamarit, e *Ari, cazador de dragones* (Sallybooks) con guión de Manuel Gutiérrez. Participa noutras publicacións como *Licor Café* (Demo Editorial) ou *Voltio* (Ediciones La Cúpula), e en diversos fanzines (*Sacoponcho* ou *Nimio* entre eles).

En total de **9 espectáculos** acadaron algunha nomeación nos catorce apartados nos que se **dividen os María Casares**: maquillaxe, vestuario, iluminación, música orixinal, adaptación-tradución, texto orixinal, escenografía, actriz secundaria, actor secundario, actriz protagonista, actor protagonista, dirección, espectáculo e espectáculo infantil.

'Resaca', de IlMaquinario Teatro, converteuse neste 2018 na produción con maior número de finalistas ao obter un total de 10 nomeacións. Pola súa banda, **'Martes de Carnaval'**, do Centro Dramático Galego, aspira a 9 galardóns. **'A cabeza do dragón'**, de Producións Teatráis Excéntricas e , **'Soño dunha noite de Verán'** de Voadora acadan 7 cada unha e **'Elisa e Marcela'**, de A Panadaría, obtén 6 candidaturas finalistas. **'Fillos do sol'** de Contraproducións ten como finalista o texto orixinal de Cándido Pazó. **'Outono'** de Pistacatro, ademais de optar ao premio á mellor maquillaxe, optará ao premio ao mellor espectáculo infantil xunto a **'A galiña azul'**, de Tanxarina, e **'Pum, Pum!'**, de Baobab Teatro.

Cada espectáculo aspira aos premio nas seguintes categorías (entre parénteses, número de premios ao que optan):

- 1. Resaca.** IlMaquinario Teatro **(10)**: espectáculo, dirección (Tito Asorey), actriz protagonista (Melania Cruz) actor protagonista (Fran Lareu), actriz secundaria (Laura Míguez), actor secundario (Fernando González), texto orixinal, música orixinal, escenografía, e iluminación.
- 2. Martes de Carnaval.** Centro Dramático Galego **(9)**: Dirección (Marta Pazos), actriz protagonista (María Roja) actor protagonista (Miquel Insua), actriz secundaria (Anabell Gago), adaptación/tradución, iluminación, escenografía, maquillaxe e vestuario.
- 3. A Cabeza do dragón.** Producións Teatráis Excéntricas **(7)**: dirección (Quico Cadaval), actor protagonista (Iván Marcos), actor secundario (por partida dupla: Josito Porto e Víctor Mosqueira) adaptación/tradución, iluminación, e vestuario.
- 4. Soño dunha noite de verán.** Voadora **(7)**: espectáculo, actriz secundaria (Areta Bolado), adaptación/tradución, escenografía, música orixinal, maquillaxe e vestuario.
- 5. Elisa e Marcela.** A Panadaría**(6)**: espectáculo, dirección (Gena Baamonde), actriz protagonista (Areta Bolado), actriz secundaria (Ailén Kendelman), texto orixinal e música orixinal.
- 6. Outono.** Pistacatro **(2)**: espectáculo infantil e maquillaxe.
- 7. A galiña azul.** Tanxarina **(1)**: espectáculo infantil
- 8. Fillos do Sol.** Contraproducións**(1)**: Texto orixinal
- 9. Pum Pum!** Baobab Teatro **(1)**: espectáculo infantil

Na Festa dos Nomeados participaron, ademais, os e as representantes dalgunhas das diferentes institucións que colaboran na organización dos premios: A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic-Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia), a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Fundación AISGE e o Concello de Santiago. Deste xeito, entregáronlles aos nomeados e nomeadas os diplomas Jacobo Sutil, director da Agadic; Goretti Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña; Isabel Blanco, Delegada en Galicia de AISGE (Artistas Intérpretes Sociedad de Gestión), e Branca Novoneyra, concelleira de acción cultural de Santiago de Compostela. Pola súa banda, a presidenta da AAAG, Nieves Rodríguez, na súa intervención destacou a participación deste ano e a calidade dos espectáculos.

FINALISTAS XXII PREMIOS MARÍA CASARES 2018

Mellor Maquillaxe		
candidat@	espectáculo	compañía
Esther Quintas Salgado	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Fany Bello	Soño dunha noite de verán	Voadora
Trini F. Silva	Outono	Pistacatro

Mellor Vestiario		
candidat@	espectáculo	compañía
Fany Bello	Soño dunha noite de verán	Voadora
Suso Montero	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas
Uxía Vaello	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego

Mellor Escenografía		
candidat@	espectáculo	compañía
Fernando Ribeiro	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Laura Iturralde e Montse Piñeiro	Resaca	ilMaquinario Teatro
Marta Pazos	Soño dunha noite de verán	Voadora

Mellor Iluminación		
candidat@	espectáculo	compañía
Baltasar Patiño	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas
Jose Álvaro Correia	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Jose Manuel Faro "Coti"	Resaca	ilMaquinario Teatro

Mellor Música Orixinal		
candidat@	espectáculo	compañía
Ailén Kendelman	Elisa e Marcela	A Panadaría
Hugo Torres e Jose Díaz	Soño dunha noite de verán	Voadora
Vadim Yukhnevich	Resaca	ilMaquinario Teatro

Mellor Adaptación/Tradución		
candidat@	espectáculo	compañía
Manuel Cortés	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Marco Layera	Soño dunha noite de verán	Voadora
Quico Cadaval	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas

Mellor Texto Orixinal		
candidat@	espectáculo	compañía
Areta Bolado, Noelia Castro, Ailén Kendelman e Gena Baamonde	Elisa e Marcela	A Panadaría
Cándido Pazó	Fillos do sol	Contraproducións
Tito Asorey e Ana Carreira	Resaca	ilMaquinario Teatro

Mellor Actriz Secundaria

candidat@	espectáculo	compañía
Ailén Kendelman	Elisa e Marcela	A Panadaría
Anabell Gago	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Areta Bolado	Soño dunha noite de verán	Voadora
Laura Míguez	Resaca	ilMaquinario Teatro

Mellor Actor Secundario

candidat@	espectáculo	compañía
Fernando Gonzalez	Resaca	ilMaquinario Teatro
Josito Porto	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas
Víctor Mosqueira	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas

Mellor Actriz Protagonista

candidat@	espectáculo	compañía
Areta Bolado	Elisa e Marcela	A Panadaría
María Roja	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Melania Cruz	Resaca	ilMaquinario Teatro

Mellor Actor Protagonista

candidat@	espectáculo	compañía
Fran Lareu	Resaca	ilMaquinario Teatro
Iván Marcos	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas
Miguel Insua	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego

Mellor Dirección

candidat@	espectáculo	compañía
Gena Baamonde	Elisa e Marcela	A Panadaría
Marta Pazos	Martes de Carnaval	Centro Dramático Galego
Quico Cadaval	A Cabeza do Dragón	Producións Teatráis Excéntricas
Tito Asorey	Resaca	ilMaquinario Teatro

Mellor Espectáculo Infantil

candidat@	compañía
A Galiña Azul	Tanxarina
Outono	Pistacatro
Pum pum!	Baobab Teatro

Mellor Espectáculo

candidat@	compañía
Elisa e Marcela	A Panadaría
Resaca	ilMaquinario Teatro
Soño dunha noite de verán	Voadora

Asociación de Actores e Actrices de Galicia e os Premios María Casares

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa na actualidade a máis de 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia. A súa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector, en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia no ano 1997 co obxectivo de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega, enchendo o oco baleiro existente neste eido.

Os galardóns constan de catorce categorías ou apartados representativos do traballo realizado, tanto diante como detrás do pano, ademais do Premio de Honra Marisa Soto, que recoñece a traxectoria profesional do galardoado/a. A Xunta Directiva da AAAG é a encargada de outorgar o citado galardón.

Aspiran aos Premios María Casares de Teatro todas as producións teatrais realizadas que foran estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á súa concesión, así como todos os profesionais que participaron nas citadas montaxes, durante ese período de tempo.

O portal da Asociación é www.aaag.gal